
Pere Comellas: *Contra l'imperialisme lingüístic: a favor de la linguodiversitat*, Barcelona, La Campana, 2006, 184 páxinas.

Malia que no panorama da lingüística internacional foi aparecendo a partir da década de 1990 un crecente número de traballos preocupados pola deontoloxía da disciplina e por aspectos ideolóxicos relacionados co seu obxecto de estudo e coa actividade investigadora en si mesma, no ámbito hispánico non aconteceu o mesmo: só se pode mencionar nese sentido a autores e autoras como Moreno Cabrera (2000), Moure (2003a, 2003b) e Junyent (1998). Precisamente desta última é discípulo (e nótase) Pere Comellas, profesor da Universitat de Barcelona e autor de *Contra l'imperialisme lingüístic: a favor de la linguodiversitat*, libro que entronca dende o mesmo título con referencias xa clásicas como *Linguistic imperialism* de Phillipson (1992). Pola mencionada escaseza de traballos do ámbito da ética lingüística no panorama editorial do Estado español, cumpría un libro como o que aquí nos ocupa, que tratase a situación das linguas do mundo dende unha perspectiva xeral, pero sen perder de vista a ancoraxe coa realidade máis próxima: a das linguas do Estado, e en concreto a da lingua do autor, o catalán.

O global e o local vincúlanse xa na mesma presentación, onde Comellas constata a sintonía entre, por unha banda, a preocupación existente na sociedade catalá polo incerto futuro da súa lingua autóctona e, por outra, a alarma do sector máis comprometido da lingüística internacional perante a dramática redución da linguodiversidade a nivel mundial que está tendo lugar ante os nosos ollos e sen que case ninguén reaccione coa vehemencia que tal catástrofe merece. Das moitas cuestións que suscita o fenómeno da morte de linguas, a obra que nos ocupa céntrase nunha: “¿i qué passa si desapareixen les llengües? Qué hi perd la humanitat quan es redueix notablement la diversitat lingüística?” (p. 8). Co fin de analizar se existe algo máis alá do apego sentimental ás cousas propias para xustificar o mantemento das linguas, Comellas repasa nos sucesivos capítulos os principais argumentos que se teñen manexado neste sentido dende unha perspectiva xeral; procura así razóns para que nos preocupemos non só polo destino da nosa fala, que nos importa por ser nosa (sentimento que, ademais, pode movernos á empatía ou á solidariedade cos falantes doutras que se atopan nunha

situación semellante), senón polo de todas, á marxe de que gañemos ou perdamos algo persoalmente. Aínda que, ben mirado, non será que sempre perdemos algo persoalmente?

No capítulo 1, Comellas lembra o feito incontestable de que a diversidade lingüística está a diminuír, e a un ritmo sen precedentes na historia da humanidade; con todo, non falta quen fala de alarmismo, e mesmo quen ve esa diminución como algo positivo. Existe, ademais, o problema de saber cantas linguas hai, polas dificultades para acadar unha definición universal e única do que é unha lingua e para establecer fronteiras entre elas.

O segundo capítulo analiza un dos argumentos máis difundidos e amplamente aceptados para a defensa das variedades lingüísticas: o patrimonial, segundo o cal se trata de obxectos culturais valiosos que cómpre preservar. Actualmente está bastante xeneralizado o consenso en relación con esta perspectiva, como coa do conservacionismo natural ou monumental, por exemplo. Porén, non se deben perder de vista os perigos que leva implícitos: para que fique testemuño das linguas nos museos, abonda con documentalas, non é preciso mantelas vivas. Comellas exprésao moi ben coa comparación do zoo: “Els zoos no són cap alternativa a l’extinció d’espècies” (p. 30). Ademais, habería que establecer unhas prioridades que levarían implícita unha xerarquía de valor entre os idiomas (sobre a base de criterios como a súa suposta antigüidade ou o seu exotismo), o cal suscita problemas éticos evidentes, xa que en certo sentido o que se xerarquizan son os pobos que os falan (de aí cualificativos como *primitivos*, *bárbaros* etc.). E, aínda non sendo colonialista nin racista, esta orientación pode rematar reducida a mera propaganda na liña do politicamente correcto, o mesmo que acontece co argumento do incalculable potencial das linguas (inxenuo malia que benintencionado). Ademais, a patrimonialización fai xurdir o debate arredor da propiedade das linguas, con todas as complicacións que isto implica.

O capítulo 3 faise eco das voces para as que a perda de diversidade lingüística supón un debaldimento de recursos que a humanidade non se pode permitir: en primeiro lugar, porque constitúe unha fonte de coñecemento en si mesma (sobre a linguaxe humana)¹ pero tamén como instrumento (cun valor insospitado ás veces para outras disciplinas, como a antropoloxía ou a xenética), como transmisora do saber e mesmo cunha rendibilidade económica. O primeiro destes aspectos, malia a súa importancia, non serve como argumento máis que para promover que se documenten as variedades en perigo de desaparecer, na liña do comentario do parágrafo anterior. Mais a documentación non abonda para evitar a perda

¹ Sen linguas é imposible facer lingüística, por máis que algunhas correntes dentro dela, como o xenetivismo, sosteñan que se poden comprender os mecanismos universais de funcionamento da linguaxe a partir do estudo dunha soa lingua.

da meirande parte do saber tradicional dos pobos chamados *primitivos*, que vai inevitablemente aparelado á substitución das súas linguas autóctonas². E o máis grave é que esa perda nin sequera se lamenta, por canto se trata dunha experiencia menosprezada, que non se considera saber á mesma altura que a *ciencia* (forma de coñecemento do occidente capitalista e patriarcal); déixanse así esvaecer coñecementos moi valiosos (p. ex. en farmacia), mesmo dende o punto de vista económico, como están descubrindo recentemente os biopiratas á procura de lucrativas patentes.

Ademais, as linguas revelan formas culturalmente distintas de coñecer, de categorizar o mundo, polo que achegan claves imprescindibles para comprender a natureza e os límites do coñecemento humano. A cuestión radica en se é posible transmitir as cosmovisións á marxe da lingua concreta a que se vinculan, pois se realmente cada unha conforma un xeito único de ver o mundo, a súa desaparición supón moito máis que unha perda para a ciencia: “És una catástrofe cultural” (p. 64). A isto se dedica o capítulo 4 do libro: a analizar ata que punto se poden identificar linguaxe e pensamento, repasando as posicións do relativismo e do determinismo lingüísticos. Comellas conclúe que, cando menos, existe certa dependencia mutua entre eles (ao transmitírense conxuntamente), que ten que incitar a defender a diversidade, aínda que só sexa movidos polo principio de precaución: “no fos cas que [...] la reducció de llengües impliqués no només una mancança cultural greu per a tota la humanitat, sinó també una homogeneització de perspectives, de «punts de vista» o de «cosmovisions» amb conseqüències imprevisibles” (p. 75), xa que precisamos (ou podemos precisar no futuro) da diversidade como ferramenta de adaptación a un medio heteroxéneo e ademais mutable.

A valoración das *outras* linguas como un filón de pensamento alternativo prodúcese dende o momento en que se entra en contacto con esa diversidade, e velaquí a contradición: é ese mesmo contacto, precisamente, o que pon en perigo o seu mantemento. Este paradoxo está relacionado con outro dos grandes paradoxos contemporáneos: “la ideología del políticamente correcte incorpora com a positius els valors favorables al mestissatge, i com a negativa la homogeneització. Paró els mestissatge és una dinàmica homogeneitzadora, i en darrer terme implica una sola cultura universal” (p. 78). Coma noutros momentos, Comellas fala ben ás claras e dá onde doe.

No capítulo 5, o autor analiza brevemente outro argumento favorable á linguodiversidade que a miúdo se deixa en segundo plano, en beneficio doutros lexitimados por unha aparencia máis racional: o formal, o estético. Pois aínda que, contra o que levamos dito, as variedades lingüísticas só diferisen en canto á forma de expresión, esta non debe minusvalorarse; cómpre reivindicar tamén o valor do

² Este é o obxecto de interese da etnolingüística.

plano do signifiante na linguaxe e lairse das posibilidades literarias, artísticas e expresivas que se perden cando unha lingua desaparece.

A ecolingüística ou o que, con acerto, Comellas presenta como “ecologisme lingüístico” (a que dedica o capítulo 6, non en balde o máis extenso do libro), supón un cambio na perspectiva de enfoque da diversidade de linguas, na liña do pensamento ecolóxico en xeral: de vela como un inconveniente (visión que sustenta ideas como a de que é incompatible co progreso ou a de que se trata dun sentimentalismo irracional), pasa a contemplala como un elemento entre outros que, en equilibrio, forman o ecosistema: “Les llengües compleixen una funció ecológica, i qualsevol alteració que pateixin implicará una alteració del conjunt” (p. 87-88). Ademais, o cambio vese como algo positivo, como un mecanismo ecolóxico de adaptación ao medio; de aí a defensa da diversificación por parte da ecolingüística, apoiada tamén no feito de que actúa como elemento de construción de redes de relación social e mais de identidades, como despois veremos.

Comellas distingue dúas maneiras principais de entender a ecoloxía das linguas, xeneralizando e simplificando ao máximo, con fins didácticos, o panorama deste aínda novo territorio da lingüística. Segundo a primeira, consistiría en establecer paralelismos entre estas e os organismos biolóxicos (p. ex. en canto á selección natural, á necesidade da diversidade para a supervivencia dos ecosistemas etc.); esta visión adoita derivar nun conservacionismo pechado e feble en argumentos, con pouca capacidade para convencer os seus opositores. A outra concepción da ecolingüística céntrase na percepción e na análise do vínculo recíproco e dinámico da práctica lingüística coas condicións en que se desenvolve. Un exemplo desta última perspectiva atópase no estudo da relación entre as diversidades biolóxica e lingüística que se pode apreciar en certas áreas do planeta, e que non se debe a unha relación causal, senón ecolóxica: os dous son aspectos dun ecosistema global, dunha rede na que todo está conectado e que coevoluciona, onde os factores interactúan.

Ao pensamento ecolóxico no campo da ciencia (que supuxo pasar da énfase na estrutura á énfase no proceso, nas interrelacións dos elementos) engadiuse a ideoloxía do ecoloxismo, que non só entende a diversidade como un valor, senón como algo imprescindible para a supervivencia (no caso da diversidade lingüística, para a supervivencia espiritual, pois corrixe a atrofia dunha soa cosmovisión) e reivindica a primacía do principio ecolóxico de precaución ante calquera feito de consecuencias imprevisibles, pois unha vez que se destrúe unha lingua (ou unha especie, ou un monumento natural) non existe volta atrás posible. E é que o feito de ter en conta o todo, de saberse o observador parte do observado, implica unir a ciencia e a ética, a ecoloxía e o ecoloxismo; iso é o que acontece tamén na ecolingüística:

[...] a totes les hipòtesis contràries a la pèrdua de linguodiversitat fins ara esmentades, que adverteixen sobre el cost (per al patrimoni, per al coneixement, per a la salut, per a l'equilibri espiritual de la humanitat, per a la biodiversitat, per a la creativitat artística) de la desaparició de llengües, l'ecolingüística –que, a més d'incorporar els instruments d'un plantejament ecològic, hi incorpora una actitud ecologista– hi afegeix una sèrie de raons polítiques i ètiques. El fet que hi hagi tantes llengües que s'han deixat o estan a punt de deixar-se de parlar no és un fenomen independent, un fet autònom. És un més dels símptomes d'un col·lapse ecològic general resultat d'unes ideologies i d'uns mètodes brutals i moralment inadmissibles (p. 123).

A propósito da ecolingüística, non está de máis advertir do perigo de caer nunha serie de falsas ideas que adoitan asociarse a todo o que leva a compoñente *eco*. Así, non se trata de defender o *natural* sen máis, porque coas mesmas podería dicirse que o *natural* é deixar desaparecer as linguas ou as especies, non facer nada por impedir o curso dos acontecementos. O conservacionismo non é sinónimo de ser partidario do inmobilismo: hai que distinguir os cambios adaptativos, dentro da dinámica de equilibrio do ecosistema, dos abruptos e traumáticos, provocados pola irrupción dun elemento desestabilizador imperialista, por unha imposición externa. Ademais, non se pode perder de vista a ideoloxía: dende unha perspectiva puramente ecolóxica, podería parecer abondo acadar un reequilibrio sempre que se produce un trastorno no ecosistema; porén, dende un punto de vista ético non se pode esquecer o proceso que leva á desaparición dunha lingua, o sufrimento que causa nos falantes o chamado *lingüicismo* (discriminación baseada na lingua, en paralelismo con *sexismo*, *racismo* etc.). En resumo,

Amb l'estudi de les llengües com a elements d'un entorn i no com a fets aïllats, l'ecolingüística ens ha mostrat que la diversitat lingüística és un mecanisme d'adaptació al medi. Que eliminar una llengua té conseqüències importantes en la gestió de l'entorn, i que cal temps per «traduir» tot el coneixement emmagatzemat en un idioma a un altre. Que la diversitat sempre té un paper fonamental en qualsevol ecosistema, i que la prudència i l'experiència ens diuen que el canvi lingüístic gradual i lent és inherent a la dinàmica ecològica dels humans, mentre que la substitució lingüística brusca, la decisió de no transmetre la pròpia manera de parlar als descendents, és a dir, la pèrdua massiva de linguodiversitat, sempre és una imposició (p. 125-126).

O capítulo 7 dedícase á relación da lingua coa identidade, en que queda claro outra vez que se trata de moito máis que dun simple sistema de comunicación. A necesidade de identidades, tanto colectivas como individuais, revélase como unha característica universal da cultura humana, e esas identidades pódense marcar por medio de diferentes recursos; un deles é a diversidade lingüística, moito máis democrático e menos problemático cós trazos digamos de *nacemento*, xa que a identidade

baseada na lingua é por definición pacífica (resulta ben visible pero ó mesmo tempo non é excluínte, non está fixada permanente nin univocamente)³: só pode xurdir conflito da intolerancia cara á diferenza, do ataque ao que alguén sente como parte de si, da imposición da homoxeneidade, algo que tenden a facer os estados en nome de acadar unha suposta *cohesión nacional*.

Isto entronca co último e máis potente argumento a prol da diversidade lingüística, o único que non admite discusión, segundo Comellas: o moral (capítulo 8), pois a consciencia da perda da lingua propia sempre vai ligada a un padecemento para as persoas. Ás veces a desaparición prodúcese pola morte de todos os falantes por causas naturais, pero normalmente cando isto acontece é debido a algunha forma de exterminio físico ou, máis a miúdo, a causas políticas, económicas ou sociais, que mudan a cultura do pobo que fala a lingua en cuestión. Neste sentido, hai que distinguir os casos de multilingüismo horizontal das situacións de plurilingüismo provocadas por unha colonización lingüística, nas que se produce un proceso encadeado e ó mesmo tempo retroactivo de perda de funcións, perda de recursos lingüísticos e perda de prestixio. Trátase de fenómenos menos espectaculares pero igualmente causantes de sufrimento, tanto polos mecanismos utilizados para provocar a aculturación (humillación, segregación etc.) como pola consciencia da perda en si mesma. Dende o punto de vista moral, aínda que os outros argumentos se revelasen falsos e considerásemos o monolingüismo universal e definitivo como un gran ben para a humanidade, sería inadmisíbel chegar a el por medios dolorosos. Ademais, ese ideal da homoxeneidade vincúlase coas utopías autoritarias que procuran unha suposta perfección que xustificaría todos os medios; en cambio, para unha perspectiva complexa como é a ecolóxica, “els mitjans són les finalitats” (p. 155). Este criterio moral complementa os outros argumentos e fai posible traducilos á esfera política.

Por último, no capítulo 9 analízase cómo a conversión da diversidade en algo politicamente correcto provocou que os seus detractores teñan que recorrer, para rexeitala, a argumentos que non sexan de principio, senón de natureza pragmática. Por exemplo, chaman a atención sobre a coincidencia de que as zonas con elevada linguodiversidade estean economicamente pouco desenvolvidas; pero isto non se debe, de novo, a unha relación de causa-efecto, como parece deducirse da devandita presentación, pois as causas do desenvolvemento son ben outras. Tamén argumentan o elevado prezo que hai que pagar polo mantemento da diversidade en forma de servizos de tradución, formación multilingüe do funcionariado e similares; neste caso, a cuestión realmente non se atopa nos custos, senón en quen ten que asumilos, pois no balance non se teñen en conta os custos sociais da perda dunha

³ Xa que, como dicía Junyent (1999: 72), as linguas son bens culturais, e como tales transmisibles (poden ser aprendidas) e acumulables (cada individuo pode falar varias), características que poden facer delas a base de modelos de relación que conxuguen diversidade e equilibrio.

lingua (marxinación, desestruturación social, problemas de autoestima etc.): como en tantos outros casos no contexto do capitalismo, os custos externalízanse reverendo na sociedade, mentres que as ganancias se concentran e se privatizan. Neste último sentido, Comellas sinala que a diversidade tamén pode ser fonte de beneficios económicos, na medida en que dificulta a devandita monopolización de recursos por parte de grandes multinacionais e contribúe un pouco a un maior reparto da riqueza, reservando nichos de mercado para os produtores locais, que comercializan na lingua autóctona⁴. Aínda que só fose por iso, a diversidade xa lle estaría facendo un ben á humanidade...

Nas conclusións (capítulo 10), Comellas lamenta que da antiga pretensión de neutralidade ideolóxica dos lingüistas se pasase a unha defensa baleira de argumentos da linguodiversidade, porque ser (ou parecer) comprometido está de moda. Propón cargarlle o peso da proba ao contrario: demostrou que conservar a diversidade vale para moitas cousas, e en cambio para que e a quen servirá a súa perda? Ademais, se, como parece, a variedade é un trazo que nos caracteriza como seres humanos, non parece lóxico ter que procurar razóns para a súa defensa: en todo caso, habería que xustificar moi ben calquera posible ameaza. Remata repasando algunhas ideas clave desta súa apoloxía da diversidade lingüística: prudencia (en principio, cando se perde unha lingua, é para sempre), moralidade (evitar sufrimento de persoas) e ecoloxía (o estado de saúde das linguas serve como indicador do estado de saúde do ecosistema humano no seu conxunto). Destaca finalmente, sobre calquera outro argumento,

el dret de qualsevol comunitat a permetre que ele seus descendente s'entenguin amb ele seus avantpassats [...]. Tothom té dret a fer servir la pròpia llengua, a mantenir-la viva, a enriquir-la, a adaptar-la ale canvis del món i a transmetre-la. O si no, no hi té dret ningú, i llavors busquem una solució racional i passem-nos tots a una Mengua artificial, n'hi ha dotzenes. Però primer hauríem d'estar ben segurs que aixó no seria la fi de la humanitat tal com la coneixem (p. 174).

Entre as virtudes desta obra, poden destacarse a honestidade intelectual e a agudeza das análises, que xa tivemos ocasión de sinalar nalgún momento. Engádase como exemplo da primeira delas o feito de que Comellas non deixa de criticar a política lingüística de institucións que se supón tenden a favorecer a súa propia lingua, cando considera que pecan de pouca sensibilidade cara a outras; en concreto, con respecto ao aranés, cuxa existencia constitúe unha proba de lume para as auto-

⁴ Isto adoita ser así malia o contraexemplo ofrecido polo inglés: está acontecendo que quen merca os produtos paga tamén por aprender a lingua en que eses produtos se venden, cando o normal sería, pola contra, ou ben que os vendedores se adaptasen á lingua dos compradores, ou ben que polo menos financiasen a promoción do inglés, neste caso, como un investimento para captar clientes (p. 168).

ridades catalás, que poderían ser facilmente acusadas de ser como o corcovado, que ve a corcova allea e non a que el leva. Á súa vez, a perspicacia analítica amósase na detección de paradoxos que a miúdo lles pasan desapercibidos a olladas máis superficiais e simplistas; tal é o caso do paradoxo da normativización (p. 22), que por unha banda contribúe a preservar unha lingua (definíndoa e marcando as súas fronteiras), pero por outra nivela e fai perder diversidade (favorecendo o abandono das formas de fala particulares en favor das do estándar).

En conclusión, en *Contra l'imperialismo lingüístico* trátanse temas de grande alcance pero expostos con claridade e cun rigor sen tacha; percíbese un compromiso forte e un ton contundente malia que sereno en todo momento, sen arrebatos fóra de lugar; acadouse un bo equilibrio entre a cohesión argumentativa e a exhaustividade (algo por certo ben difícil de conseguir), de xeito que non parece que sobre nin falte nada. Todas estas calidades fan desta unha obra absolutamente recomendable, non só para lingüistas, senón para calquera persoa cun compromiso ideolóxico sincero e preocupada pola homoxeneización globalizadora que ameaza o mellor do noso patrimonio como seres humanos: as nosas linguas e as nosas culturas.

Ana García Lenza

Bibliografía

- Junyent, C. (1996) [1989]: *Les llengües del món: ecolingüística* (Barcelona: Empúries).
- Junyent, C. (1999) [1992]: *Vida i mort de les llengües* (Barcelona: Empúries).
- Junyent, C. (1998): *Contra la planificació: una proposta ecolingüística* (Barcelona: Empúries).
- Moreno Cabrera, J. C. (2000): *La dignidad e igualdad de las lenguas: crítica de la discriminación lingüística* (Madrid: Alianza Editorial).
- Moure, T. (2003): “A batalla das linguas no mundo actual: multilingüismo e antiglobalización”, *Grial: revista galega de cultura*, 160: 19-29.
- Moure, T. (2003): “Ética y lenguaje”, *El Basilisco*, 33 (2ª época): 47-56.
- Phillipson, R. (1992): *Linguistic imperialism* (Oxford: Oxford University Press).